



Desde a terra de Bergantiños chega esta mostra colectiva de creadores/as vinculados/as a Carballo (A Coruña), coa que se pretende dar a coñecer os traballos que están a desenvolver un grupo de artistas hoxe pertencentes na súa maioría a Asociación Artística Creaformas.

Este grupo aglutina autores/as de traxectorias e modalidades artísticas moi diversas, e que, ademais doutros vínculos persoais e en moitos casos de amizade, iniciaron un traballo máis en común a raíz dunha exposición colectiva que tivo lugar hai dez anos no Concello de Carballo, da cal xurdiu unha relación máis estable que se mantivo no tempo. Dende aquela realízase no Concello de Carballo unha mostra con carácter anual e cunha temática conxunta, e por primeira vez, tras a convidación do Concello de Ribadeo, esta mostra viaxa á Mariña mindoniense.

O tema escollido para a exposición neste 2017 era o luscofusco, pero o falecemento hai uns meses de Paco Souto, un dos integrantes deste colectivo, fixo que moitos deles puideran modificar a súa obra no seu recordo.


Ademais neste intercambio artístico queríamos que o Concello de Ribadeo poidera desfrutar da obra do carballés Alberto Gende, tamén vinculado con este grupo e que nos deixou no 2012, polo que tamén se expoñen as súas *Pinturas Ocultas*.

## **IN MEMORIAM**

**“e veña camiños para abrir o día”  
Paco Souto**

É o desengano  
unha fenda  
perpendicular  
na traxectoria  
de quen constrúe  
principios. Logo  
a inercia insiste  
en dobrarnos  
o sentido inicial.  
Teima a firmeza en ceder.  
Ata que coñeces, como eu coñecín,  
un arqueiro poeta  
capaz de converter o cruce  
en frecha e tensor.  
Capaz de armarse  
na intersección  
para impulsar as estrofas  
cara ao branco incerto  
da verdade,  
sen se desviar.  
A liña sincera  
que a palabra de Paco trazou  
fica, por sempre xa,  
ante os nosos pasos lectores:  
“e veña camiños para abrir o día”.  
Remar-hei contigo, alén do amencer.

Rosalía Fernández Rial  
Carballo, 2 de abril de 2017



## EN LEMBRANZA A PACO SOUTO

A Coruña, 1962. Poeta, ilustrador e creador multidisciplinar.

Coeditor de Edicións Dragón nas que publica os cartóns colectivos *Ao mar de adentro*, *A rota dos baleeiros* e *Dous bocetos*. Coeditor tamén de Letras de Cal nas que publica *Fado*, 1998. Autor da peza teatral *Amar non ten laranxas* nos cadernos da Escola Dramática Galega.

Obtivo, entre outros, os premios Espiral Maior por *As árbores do incesto*, 1994 e o Johán Carballeira por *As horas de María*, 2006, ambos publicados por Espiral Maior un ano despois, e foi accésit do III premio de poesía erótica Illas Sisargas co libro *E alentar na túa rosa* publicado no 2010 pola colección Caldeirón.

No 2016 publícase e *Caín*, con ilustracións de Viki Rivadulla, libro co que a editora Laiovento iniciou a súa colección de poesía Ventoalto.

Realizou exposicións individuais e colectivas, unha das habituais era esta, a colectiva de creadores vinculados/as a Carballo con motivo do San Xoán, ou a montaxe *Lugar de incendios*, que reunía pintura e poesía da súa autoría con música do pianista Serxio Moreira que podemos desfrutar no Pazo da Cultura no 2009.

Ilustrou libros e colaborou en diversas montaxes teatrais. Foi crítico teatral para A Nosa Terra e desde o 2006 conduciu un programa de literatura en Radio Roncudo.

Xunto a Laura Quintillán e Kukas realiza o espectáculo pluridisciplinar *América*; creou *Aínda* con Serxio Moreira ao piano e realizaron *Como augas de maio*. Despois virían entre outros *Avilés canto*, unha homenaxe a Avilés de Taramancos e a homenaxe a Xelucho Abella por encarga da A. C. Monte Branco.

Con Rosalía Fernández Rial, Serxio Moreira á música e a fotografía de Peter Schneider asinou *Tempo escuro*. En 2015 daban ao prelo *Catálogo* con Rosalía Fernández Rial e os ilustradores Chiña e Mon Lendoiro. E editaron o CD *Proxecto Barro*, parte dun espectáculo multidisciplinar.

Dirixiu con Paco de Tano a colección de poesía Caldeirón, onde se editan os premios de poesía erótica Illas Sisargas.

*Compañeiro e activista do mundo cultural. Comprometido coa lingua, a terra o mar e a cultura do noso país, puxo sempre o seu esforzo, traballo e sensibilidade a prol da cultura.*

## OBRAS EXPOSTAS

### ADRIANA DÍAZ

- *Atracción e reflexo do luscofusco* (collage)

### ANA GARCÍA

- *O ceo de Galicia* (fotografía e vídeo. Time - lapse)

### ANTÓN DÍAZ

- *Caión á noite* (óleo sobre lenzo)

### ANTONIO REINO MIRA

- *S/T* (reciclaxe, 10.000 argolas de botes)

### ANTONIO TARACIDO

- *Contraluz* (gravado)

### CHIÑA

- *S/T* (mixta sobre tea)

### CRISTINA CASTRO

- *Liberdade* (acrílico sobre lenzo)

### DAMIÁN VARELA

- *Sons de Orión* (talla en madeira con gubias)

### ESTHER CHAMOSO

- *Navegando no roibén* (acuarela)

### EVA FACAL

- *Lucofusco* (acrílico sobre madeira)

### ISA FERNÁNDEZ

- *S/T* (modelado a man)

### JACOBO VEIGA

- *S/T* (óleo sobre lenzo)

### FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ

- *O temple* (óleo sobre lenzo)

### LAURA TOVA

- *O cambio* (spray, acrílico e lapis)

### LOLA OVIEDO

- *S/T* (collage)

### MANUEL EIRÍN NEMIÑA

- *Baldaio* (grafito)

### MARÍA MARTICORENA

- *A golpe de yo-yo, las reglas las pongo yo* (mixta)

### MILAGROS COTELO RAMA

- *Movemento* (óleo sobre lenzo)

### MON LENDOIRO

- *Luscofusco na cidade. Lembranza a Paco Souto* (acrílico sobre lenzo)

### O'MIGHELO

- *Miradas efémeras* (acrílico sobre lenzo)

### OTILIO FERNÁNDEZ

- *A gran campana* (fotografía)

### PEDRO TASENDE

- *Figura branca* (carboncillo e pastel sobre tea)

### PETER KRAMER

- *Ausencia* (instalación)

### PETER SCHNEIDER

- *Licht I* (fotografía analóxica, cámara de placa 9X12, en papel prata cloro bromuro)

### RAÚL HERRERA

- *A metamorfose do trasno. Entre luscofusco* (mixta)

### RISÉ

- *Noite eterna* (grafito)

### SANTI PICOS

- *O espírito da noite caeu á Atlántida esquecida* (mixta)

### TERESA CANDAL

- *O raio verde* (acuarela)

### VIKI RIVADULLA

- *A lenda dos Homes Peixe. A Paco Souto* (acrílico e arxila sobre lenzo)

### ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

- *In memoriam*

### PACO SOUTO E SERXIO MOREIRA

- *Lugar de incendios*

### ALBERTO GENDE

- *Pintura Oculta Nº10# e Nº 16#* (acrílico sobre lenzo)